

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE *Spanolepsis selloanae* COMO AXENTE DE CONTROL BIOLÓXICO DA ESPECIE DE FLORA EXÓTICA INVASORA *Cortaderia selloana*

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acordo co Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Universidade da Coruña, representada por Julio E. Abalde Alonso, en calidade de reitor, de acordo co Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, actuando en nome e representación da mesma e con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001 de Universidades, do 21 de decembro e no artigo 85 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. As invasións biolóxicas teñen importantes consecuencias a nivel ecolóxico, económico e social. As especies de flora invasora xeran efectos negativos sobre a biodiversidade e o funcionamento dos ecosistemas a través de efectos directos e indirectos, que inclúen a competencia interespecífica, os cambios a nivel microclimático e as interferencias no réxime de perturbacións e ciclos de nutrientes. Debido aos seus impactos ecolóxicos, en ocasións catastróficos, actualmente considérase que as invasións biolóxicas son a segunda causa de perda de biodiversidade a nivel mundial, tras a alteración e destrución de hábitats. Unha especie exótica invasora é aquela que, extraída



do seu medio orixinal, é capaz de establecerse nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural, e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética *Cortaderia selloana* axústase a esta definición e por iso foi incluída no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras (Real decreto 630/2013, do 2 de agosto) dado que estamos ante unha especie que posúe unha gran capacidade invasiva e transformadora do medio, e que comeza a estar presente en zonas costeiras e sistemas fluviais da rede Natura 2000 .

SEGUNDO. Para a xestión da especie en áreas sensibles desenvolvidos aplicáronse ata o de agora diversos métodos de control físico (corte de inflorescencias, arranque manual ou con maquinaria, volteo,..) , químico (herbicidas), ou a combinación de ambos, en función de factores tales como o tamaño do núcleo poboacional, ubicación, proximidade a zonas sensibles para as especies ameazadas ou espazos da Rede Natura 2000.

TERCEIRO. A Universidade da Coruña ven desenvolvendo unha liña de investigación para o control biolóxico, como método alternativo ao uso dos métodos de control físico ou químico, mediante o díptero cecidómido *Spanolepsis selloanae*; especie que foi descrita recentemente polos investigadores María José Servia García y Jaime Fagúndez Díaz, Fagúndez, Gagné & Vila 2020, *Phytoparasitica*) e cuxa patente como axente de control ten sido concedida á Universidade con data 01/04/2022 (ES-202030389) No marco desta investigación estanse desenvolvendo liñas de traballo encamiñadas ao coñecemento básico da distribución, ecoloxía e bioloxía de *S. selloanae*, o desenvolvemento do protocolo de conservación e aplicación do axente de control biolóxico e a afección sobre a planta hospedadora e avaliación de riscos.

CUARTO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias para establecer normas adicionais sobre a protección do medio ambiente segundo o artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 149.1.23 da Constitución Española e co Real decreto 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias e competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983, do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación das funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de agricultura, pesca



e conservación da natureza.

En concordancia con isto, a Lei 5/2019, do 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, no seu artigo 88, determina que a Administración autonómica adoptará, no seu ámbito competencial, as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación da biodiversidade que vive en estado silvestre en Galicia.

Así, de conformidade con isto, o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (en adiante CMATV) atribúelle a este órgano da Administración autonómica funcións en materia de ambiente e conservación do patrimonio natural.

QUINTO. Que a Universidade da Coruña (en adiante, UdC) é unha institución pública, dotada de personalidade xurídica que quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

SEXTO. A sinatura deste convenio supón un paso máis na loita contra o avance de *Cortaderia selloana* na Comunidade Autónoma de Galicia a través do que se materializa a colaboración entre a Administración responsable da conservación da biodiversidade que presta atención particular ás especies introducidas de xeito invasor, e a comunidade científica, co fin de desenvolver unha base de coñecementos apropiada para abordar os problemas que está a supoñer a presenza desta especie exótica invasora e tendo en conta que as medidas de xestión que se apliquen deben evitar calquera impacto adverso sobre o medio ambiente e a saúde humana.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMATV e a UdC establecen o presente convenio con acordo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMATV e a UdC para para o desenvolvemento de *Spanolepsis selloanae* como axente de control biolóxico da especie de flora exótica invasora *Cortaderia selloana*.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA UdC

A UdC comprométese a:



1º. Desenvolver as liñas de traballo descritas no anexo I deste convenio e que se detallan a continuación:

a) *Módulo 1.* Desenvolvemento de *Spanolepis selloanae* como axente de control biolóxico para *Cortaderia selloana* a través das seguintes liñas de traballo: Coñecemento básico da distribución, ecoloxía e bioloxía de *S. selloanae*, desenvolvemento do protocolo de conservación e aplicación do axente de control biolóxico e a afección sobre a planta hospedadora e avaliación de riscos.

Esta tres liñas de traballo teñen como obxectivo completar o coñecemento do proceso de parasitación de *S. selloanae*, a súa orixe e distribución actual, ciclo biolóxico, formas de alimentación, conservación e viabilidade de larvas, formación da pupa, presenza noutras especies de gramíneas, grao de afección e cuantificación da redución do éxito reprodutivo da especie hospedadora.

Para avanzar no desenvolvemento do axente de control desenvolveranse as seguintes accións, que se detallarán polo miúdo no anexo I deste convenio

- Acción 1. Determinación da orixe de *Spanolepis selloanae* e avaliación da especificidade na súa planta hospedadora
- Acción 2. Desenvolvemento da metodoloxía de conservación e multiplicación de *S. selloanae*
- Acción 3. Tramitación administrativa do axente de control

b) *Módulo 2.* Protocolo de control físico mediante curtas periódicas de *Cortaderia selloana*
A curta dos exemplares de *C. selloana* é un método de control non definitivo pero efectivo para limitar a propagación e o éxito reprodutivo da invasora e que require unha avaliación do marco temporal para as actuacións de curta e a monitorización da resposta das plantas á acción física da curta. Para isto, desenvolveranse as seguintes accións, que se detallarán máis polo miúdo no anexo I deste convenio.

- Acción 1. Estudo experimental de curtas periódicas

b) *Módulo 3.* Caracterización xenética das poboacións invasoras e cultivadas de *Cortaderia selloana*

Acción 1. Análise xenética poboacional de *C. selloana*



- 2º. Colaborar e participar xunto coa CMATV nos actos de difusión e comunicación que se leven a cabo en relación coas accións que se desenvolvan no marco deste convenio.
- 3º. Gardar a confidencialidade debida en relación coas actividades incluídas no presente convenio, non podendo ser difundida a información derivada das actuacións realizadas nin entregada ou cedida para uso de terceiros, sen a previa autorización expresa da CMATV.
- 4º. Facer constar expresamente a colaboración coa CMATV en todos os anuncios e documentos que se elaboren relacionados coas actividades deste convenio.
- 5º. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CMATV en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.
- 6º. Reintegrar, total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CMATV

A Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

- 1º. Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso, as pautas para coordinación e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio.
- 2º. Colaborar nos proxectos de investigación sobre as liñas de traballo incluídas neste convenio, apoiando o acceso a convocatorias públicas e privadas de nivel autonómico, nacional e/ou internacional para a execución dos mesmos.
- 3º. Colaborar e participar xunto coa UdC nos actos de difusión e comunicación que se leven a cabo en relación coas accións que se desenvolvan no marco deste convenio.
- 4º. Financiar as actividades definidas no convenio.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

A CMATV achegará á finalidade deste convenio a cantidade de corenta e cinco mil euros (45.000 €), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e coa seguinte distribución por anualidades que se indica a continuación:



| Aplicación orzamentaria | Anualidade 2023 | Anualidade 2024 |
|-------------------------|-----------------|-----------------|
| 08.03.541B.444.0. | 20.000,00 € | 25.000,00 € |

Esta achega, que supón o 33,41% do importe total do proxecto que se detalla no anexo I, será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

QUINTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia, a UdC na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar ante a CMATV a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMATV, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle á CMATV a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a UdC asume como beneficiaria as seguintes obrigas:

1º. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a CMATV o cumprimento das



condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables e se realicen durante o período de vixencia do presente convenio.

De acordo co establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuarase un único pagamento anual do seguinte xeito:

- **Para o ano 2023:** Pagamento dos gastos realizados desde a súa sinatura, ata o 30 de novembro de 2023, sendo preciso que antes do 15 de decembro de 2023 a UdC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos (conta xustificativa coa relación detallada dos gastos imputados ao convenio, nóminas e facturas) xunto cunha memoria explicativa das actividades do proxecto desenvoltas, o seu grao de execución e custo das actividades realizadas.

- **Para o ano 2024:** Pagamento dos gastos realizados desde o 1 de decembro de 2023 ata o 30 de novembro de 2024, sendo preciso que antes do 15 de decembro de 2024, a UdC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos (conta xustificativa coa relación detallada dos gastos imputados ao convenio, nóminas e facturas) xunto cunha memoria explicativa das actividades do proxecto desenvoltas, o seu grao de execución e custo das actividades realizadas.

2º. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

3º. Comunicar á CMATV, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de



tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.

4º. Reintegrar á CMATV , de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

5º. De acordo co previsto no no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, á UdC poderá subcontratar ata unha porcentaxe que non sobrepase do 50% do importe deste convenio.

SEXTA.- REAXUSTE DAS CANTIDADES ASIGNADAS

Os compromisos de gasto recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula cuarta deste instrumento e, sempre que, non aumente o seu número de anualidades, para acompasalos ao óptimo desenvolvemento do convenio e a consecución dos obxectivos fixados, sen que esta redistribución necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio rexerese polo previsto na cláusula novena.

SÉTIMA.-COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por dous representantes de ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións deste convenio.

Esta comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A comisión de seguimento poderá, á vista do ritmo de execución do convenio, acordar á redistribución das cantidades asignadas no anexo II deste convenio "Gastos de natureza subvencionable" co obxectivo de acadar o desenvolvemento óptimo do convenio e a consecución dos seus obxectivos.



A citada comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

OITAVA. OBRIGAS DE DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO

En todos os materiais científicos que realicen os autores das investigacións da UdC produto deste convenio, aparecerá mención expresa á colaboración da CMATV, salvo renuncia expresa da mesma.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as dúas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso a UdC poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do estudo en actividades propias da súa función investigadora.

NOVENA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 15 de decembro 2024.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

UNDÉCIMA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

Este convenio extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscripción do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición. En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.



DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

DÉCIMO CUARTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMATV de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e da Comisión, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

A conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

O Reitor da Universidade da
Coruña

Angeles Vázquez Mejuto

Julio E. Abalde Alonso



ANEXO I

ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

MÓDULO 1. Desenvolvemento de *Spanolepis selloanae* como axente de control biolóxico para *Cortaderia selloana*

Acción 1. Determinación da orixe de *S. selloanae* e avaliación da especificidade na súa planta hospedadora

Obxectivo: Confirmar a non afección sobre plantas nativas de *Spanolepis selloanae*, comprobando que non utiliza ningunha outra especie e que provén da área nativa de planta.

Metodoloxía: Probas de laboratorio ofrecendo diferentes especies de plantas nativas. Exploración en campo de presenza noutras plantas nativas. Comprobación con pregos de herbario da presenza da especie en material da área nativa.

Acción 2. Desenvolvemento da metodoloxía de conservación e multiplicación de *S. selloanae*

Obxectivo: Conseguir un protocolo de conservación de larvas que permita o seu transporte e aplicación

Metodoloxía: Ensaio de laboratorio e campo de conservación e aplicación sobre plantas de *C. selloana*

Acción 3. Avance na tramitación administrativa e comercialización do axente de control

Obxectivo: Avanzar nos trámites administrativos preceptivos para o desenvolvemento do axente de control

MÓDULO 2. Protocolo de control físico mediante curtas periódicas de *Cortaderia selloana*

Acción 1. Estudo experimental de curtas periódicas

Obxectivo: Avaliar a resposta fisiolóxica e fenolóxica das plantas de *C. selloana* á curta en diferentes momentos

Metodoloxía: Deseño experimental: Selección de área, calendario de curtas, seguimento da curta nas parcelas definidas pola Comisión de seguimento deste convenio, protocolo de monitorización, análise de datos.



MÓDULO 3. Caracterización xenética das poboacións invasoras e cultivadas de *Cortaderia selloana*

Acción 1. Análise xenética poboacional de *C. selloana*

Obxectivo: Identificar as variedades de *C. selloana* con maior risco de invasión.

Metodoloxía: Mostraxe de poboacións a partir de traballo de campo e material de herbario. Extracción de ADN. Secuenciación xenética. Análise de xenética poboacional. Aplicación e conclusións.

Orzamento estimado para o desenvolvemento destas actuacións:

| Concepto | Custo (€) |
|---|------------|
| Contratación de persoal e desprazamentos | 68.014,70 |
| Contratación para realizar as curtas periódicas | 6.780,00 |
| Contratación da tramitación de autorización de uso e rexistro público da tecnoloxía | 16.950,00 |
| Análise xenética poboacional de <i>C. selloana</i> | 36.160,00 |
| Gastos derivados da adquisición de material de campo | 6.780,00 |
| Total | 134.684,70 |



ANEXO II

GASTOS DE NATUREZA SUBVENCIONABLE

1.- Gastos derivados da contratación de persoal e de desprazamentos para a efectiva execución das actividades obxecto deste convenio:

A contía máxima por este concepto será para cada anualidade de:

Anualidade 2023

15.000 €

Anualidade 2024

20.000 €

2.- Gastos derivados da contratación para realizar as curtas periódicas, de acordo coa acción descrita no Módulo 2 "Protocolo de control físico mediante curtas periódicas de Cortaderia selloana".

A contía máxima por este concepto será para cada anualidade de:

Anualidade 2023

4.000 €

Anualidade 2024

2.780 €

3.- Gastos derivados da tramitación de autorización de uso e rexistro público da tecnoloxía

A contía máxima por este concepto será para cada anualidade de:

Anualidade 2023

1.000 €

Anualidade 2024

2.220€

